

# **!!!XOVES 27 de XULLO** casting para programa Ti Verás da TVG!!!

·¿ONDE?

En **PONTEDEUME - Na Casa da Cultura**

**Paseo de Raxoi s/n**

**15600**

**Pontedeume**

·¿A QUE HORA?

de **10.30 A 14.00**

de **15.30 A 19.00**

Ademais da possibilidade de gañar cartos o noso programa busca ser o máis divertido posible para os participantes e para os espectadores por iso aquí van uns conselliños que farán que esta experiencia sexa o mellor posible. Por iso cando vos presentedes ao casting:

·**É moi importante ter unha idea orixinal na que gastar os cartos.**

·**Se tedes algún talento especial, habilidade ou afección que queirades mostrarnos ¡non dubidedes en traer con vós calquera obxecto que vos axude a amosala!**

·Para que non sexades descartados para participar **é imprescindible falar galego e ¡querer pasalo ben!** (Xa, xa o sabemos, hai xente de fóra que vive en Galicia que lle encantaría participar pero este é un programa para a TVG e unha das funcións da televisión pública é a difusión da nosa lingua).

·**No casting imos preguntarvos cales son os temas que máis vos gustan (historia, cultura, deporte, cine, actualidade...)**. Moitos de vós preguntades para que queremos sabelo, pois ben, para que todo o mundo poida participar. Se sabemos os temas que mais vos gustan a experiencia é moito máis enriquecedora para todos. Ser concursante non é

pasar unha exame e a ningún lle gusta non poder responder á maioría das preguntas ¡xa nos chegaba na escola para iso de pasalo mal!

## **PREGUNTAS FRECUENTES**

· **A miña parella non está. ¿Podo facer eu sol@ o casting?**

**NON, É IMPRESCINDIBLE VIR CON PARELLA.**

· **¿Asistir ao casting significa que participaremos seguro no programa?**

**NON.** Como dixemos antes hai moitísima xente apuntada para participar e, por desgraza aínda que nos gustaría que concursarades todos, temos que facer unha selección.

· **¿Avisádesnos se non resultamos escollidos?**

**NON.** Por desgraza, unha vez máis, o tempo e os recursos son limitados, así que **soamente contactaremos cos que resulten escollidos.**

· **Se resultamos escollidos, ¿cando contactades con nós?**

Pois depende, **pode abarcar un periodo mínimo dunha semana ata un mes, mes e medio.** Depende das datas de gravación dos programas. De tódolos xeitos, ¡non vos preocupedes! os vosos datos quedan ben guardadiños na nosa base de datos. Unha vez mais, encantaríanos pero é a falta de tempo o que nos impide tervos informados coa frecuencia que nos gustaría.

· **Se resultamos escollidos ¿onde e cando ten lugar a gravación do programa?**

**O noso programa grávase na cidade de Vigo, de luns a venres e en horario de tarde.** Cando nos poñamos en contacto cos escollidos para participar concretamos un día en conveniencia con todos.

Se tendes algunha outra dúbida, que non estea xa aclarada no que vos acabamos de contar, podedes contactar con nós nesta dirección.

[casting.tiveras@gmail.com](mailto:casting.tiveras@gmail.com)

